

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

F. A. Cidrás Escáneo (2009): “Os camiños da gramática: unha aproximación á variación e o cambio lingüístico desde a sintaxe do galego”, *Estudos de Lingüística Galega* 1, 27-46.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

Os camiños da gramática: unha aproximación á variación e o cambio lingüístico desde a sintaxe do galego

Francisco A. Cidrás Escáneo

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

Recibido o 01/10/2008. Aceptado o 02/12/2008

The paths of grammar: an approach to variation and linguistic change in Galician syntax

Resumo

Na presente contribución estúdanse diferentes fenómenos sintácticos en proceso de mudanza en galego como soporte (obviamente moi parcial e aproximativo) dun modelo posible de explicación do sentido do cambio lingüístico en sintaxe. Asíse a idea de que a natureza e difusión dos cambios que atinxen ás construcións gramaticais son distintos aos que atinxen á compoñente fónica da lingua. A partir de aí, sostense a hipótese de que os sistemas lingüísticos evolúen, na configuración da súa morfosintaxe, movidos por unha tensión dialéctica entre as bondades da formalización rigorosa do código gramatical —gramaticalización como proceso de institucionalización, que permite superar limitacións e ambigüidades inherentes ao acto comunicativo— e as vantaxes da máis laxa codificación pragmática —moi versátil á hora de modular o texto para axeitalo ás características inestables do contexto. En apoio desta hipótese preséntanse evidencias empíricas de fenómenos variacionais en curso no galego, basicamente referentes á concordancia, á marca de caso (nomeadamente ao uso da prep. *a* con OD e a certos efectos colaterais na expansión do OI) ou á evolución das formas de expresión da futuridade.

Palabras chave

Sintaxe, cambio lingüístico, gramaticalización, galego, concordancia, marca de caso, expresión da futuridade

Sumario

1. Introducción. 2. Dinámica do cambio lingüístico: entre a versatilidade da pragmática e o rigor da gramática. 3. A variación na concordancia: cohesión discursiva e marcado de funcións. 4. A variación na marca de caso. 4.1. Marcando o Obxecto: sistemas selectivos e non-selectivos. 4.2. Avance no uso da prep. *a* con OD: economía, prevención e interferencia. 4.3. Do avance no marcado preposicional de OD á expansión do OI. 5. A variación na temporalidade/modalidade: olladas no futuro. 6. Remate.

Abstract

This paper looks at various Galician syntactic phenomena undergoing change in order to support (albeit only partially and inconclusively) a possible model to explain the direction of linguistic change in syntax. It is assumed that the nature and spread of changes involving grammatical constructions is distinct from that involving the language's sound component. On that basis, the hypothesis adopted is that the evolution of linguistic systems, as regards their morphosyntactic makeup, is driven by a dialectical tension between the benefits of a rigorous formalisation of the grammatical code —grammaticalisation as an institutionalisation process whereby the limitations and ambiguities inherent to the speech act can be overcome— and the advantages of a vaguer pragmatic codification that provides more versatility for modulating a text to adapt it to unstable contextual characteristics. To support this hypothesis, empirical evidence is given for ongoing phenomena of variation in Galician chiefly relating to agreement, case marking (namely the use of the preposition *a* with the DO and certain collateral effects on the expansion of the IO), and changes in the forms of expressions of the future.

Keywords

Syntax, language change, grammaticalization, Galician, agreement, case marking, future

Contents

1. Introduction. 2. Dynamics of language change: pragmatic versatility versus grammatical rigour. 3. Variation in agreement: discourse cohesion and function marking. 4. Variation in case marking. 4.1. Marking the Object: selective and non-selective systems. 4.2. Expansion of the use of the preposition *a* with DO: economy, prevention and interference. 4.3. From the expansion of prepositional marking of DO to the expansion of the IO. 5. Time/modality variation: aspects of the future. 6. Conclusion.

1. INTRODUCCIÓN

É bastante escasa a importancia que tradicionalmente se lle adoita outorgar á sintaxe nos estudos de lingüística variacional. Como a outra cara da mesma moeda, semellante situación atopamos tamén nos estudos de gramática prescritiva, orientados ao establecemento do estándar. Este estado de cousas non sorprende demasiado pois a sintaxe é a parte do sistema lingüístico en que menos distantes e elaboradas ('abstand' e 'ausbau' en terminoloxía klossiana) son as linguas entre si, sempre que non pertencen a familias ou tipos moi afastados. Se hai pouca variación interlingüística, hai pouca necesidade de prescrición e o mantemento de ítems variacionais intralingüísticos non compromete a solidez do estándar. O esforzo prescristivista concéntrase noutras zonas dotadas de maior visibilidade. De aí a limitada presenza da sintaxe nos estudos orientados tanto ao estándar como á variación, e asemade o baixo teor simbólico da compoñente en ambos os tipos de disciplinas (Cidrás 2004).

Porén, dándolle unha volta ao tema, non deixa de resultar curioso ese escaso relevo se pensamos na innegable importancia que a sintaxe ten na caracterización dos sistemas de comunicación e na súa evolución. É a sintaxe, moito máis que calquera outra compoñente, a que nos serve para establecer os límites do que filoxeneticamente podemos considerar un sistema de comunicación lingüístico e xa non un sistema pre-lingüístico, como os que no seu día tiveron os nosos ancestrós homínidos ou os que seguen a ter outros primates antropomorfos. Desde logo, remitímonos a un lapso temporal enorme; mais tamén é enorme a distancia entre os estadios aludidos: o paso dunha sintaxe incipiente a outra enormemente complexa tivo que ter lugar (*natura non facit saltus*) dun xeito paulatino pero constante ao longo de ducias ou centos de miles de anos. E dalgún xeito ten que seguir agora.

Tal vez resulte un bo punto de partida a seguinte caracterización das distintas dimensións de variación sintáctica que atopamos no diasistema do galego (común en esencia a moitas linguas e tal vez mesmo xeral):

- a) No plano *diatópico*, a variabilidade sintáctica é certamente *escasa*. Se xa o era, como se apuntou, no nivel interlingüístico, é lóxico que o sexa máis aínda no nivel dialectal: moi poucos trazos sintácticos resultan relevantes na delimitación dos bloques e áreas dialectais do galego, como amosa Fernández Rei (1990) cos 81 fenómenos que emprega no seu traballo xa clásico, basicamente fónicos e morfoloxicos; mesmo os adoito considerados sintácticos non son propiamente tales: teísmo e cheísmo, e.g., non aluden a neutralizacións das funcións OD e OI, senón só das marcas formais asociadas a elas nunha pequena área da morfoloxía verbal clítica.
- b) Por contra, no plano *diastrático* e, sobre todo, no *diafásico* a variabilidade é *moi importante*¹: hai unha gran dispoñibilidade funcional de variantes sintácticas dentro da competencia comunicativa de cada falante. De feito, as zonas inestables ou áreas críticas do sistema lingüístico dos individuos atinxen *esencialmente* á sintaxe, máis que aos outros ámbitos da gramática, como profusamente ilustran Peres e Móia (1995) co portugués.
- c) Na *diacronía*, porén, esa variabilidade tende a facerse *crónica*. Aínda que no subsolo deas áreas críticas se agachen movementos tectónicos de fractura interna do sistema, estes non son proclives a afloraren e convertérense en mudanzas de norma, ou demoran moito en facelo, por mor da antes aludida escasa presión uniformadora que polo xeral se exerce sobre as variantes sintácticas.

¹ A variación social *stricto sensu* en galego é menor que a situacional ou estilística por causa da escasa sociodiversidade desta lingua: o conronto lingüístico entre grupos sociais tende a manifestarse en Galicia máis nun conronto entre linguas (galego vs. castelán), que entre sociolectos dentro do galego.

En realidade, a riqueza na variabilidade (=dispoñibilidade sincrónica) vén propiciada pola escasa fluidez no cambio lingüístico diacrónico. Aínda que algúns cambios evolucionan rapidamente de xeito que as formas emerxentes substitúen as anteriores sen que se propicie a variabilidade (como é o caso do marcado selectivo de OD, vid. secc. 4 infra), en moitos outros a convivencia entre usos innovadores e conservadores prolóngase indefinidamente, alcanzando con frecuencia toda a historia da lingua: a variación na concordancia (vid. secc. 3 infra) ou estruturas de incorporación de Obxecto do tipo *teño medo que* (vs. *teño medo de que*) acompañannos desde os primordios da lingua: no galego medieval son moi comúns ocorrencias do tipo *ouveron acordo que, chegou recado que, parade mentes que...*, así como as concordancias máis discordantes que caiba imaxinar. E non hai indicios de que a situación vaia mudar. Iso si, tan prolongada cohabitación de formas non se sostén dunha maneira afunacional: as variantes en concorrencia subsisten en tanto que adquiren valor social (*lato sensu*), como caracterizadores dun código de grupo ou rexistro. Chégase así ao acabado de sinalar na alínea b. En Cidrás (1994) exemplifico este fenómeno con diversos usos do galego. Prescindo de detallar as numerosas e importantes achegas da tradición laboviana nesta liña —nomeadamente no roncel de Labov (1966).

Son moitas as construcións sintácticas inestables actualmente (e seguramente en calquera outro momento) e moitos os procesos perceptibles de cambio lingüístico que atinxen á sintaxe. Porén, non organizarei a miña contribución como un relatorio expositivo deste tipo de fenómenos, ao xeito dun anecdotario de usos lingüísticos en proceso de mudanza. ‘Demostrar’ a obviedade de que os sistemas lingüísticos se moven, incluíndo a súa sintaxe, paréceme un plano de traballo pouco estimulante. Así pois, aínda tratándose esta dunha contribución moi xenérica e de alcance limitado, tentarei artellala presentando diferentes fenómenos sintácticos en proceso de mudanza para inserilos nun modelo *posible* (saliéntese isto, como tamén certa dose especulativa) de explicación do sentido do cambio lingüístico sobre a base da sintaxe do galego.

Ocupareime especificamente do cambio sintáctico (ou morfosintáctico, nunha lingua flexiva como é o galego), en parte porque doutros niveis se ocupan outros colegas con mellor criterio —e.g. a contribución de Xosé Luís Regueira neste mesmo volume. Mais tamén porque me parece máis que probable que a natureza e difusión dos cambios que atinxen ás construcións gramaticais sexan distintos aos que atinxen aos sons como soporte matérico da lingua:

- a) Os cambios fónicos, coas repercusións morfofonolóxicas que con frecuencia acadan, responden a unhas leis cunha mecánica amplamente estudada xa polos neogramáticos (leis de Grimm ou de Verner, e.g.), e teñen unha gran transcendencia no deseño do agrupamento de linguas xeneticamente vencelladas —i.e., das ‘familias’ lingüísticas.

As múltiples evidencias pérdense nas orixes da gramática comparada e histórica: cando os comparatistas do XIX establecían as súas familias cotexando os resultados das correspondencias sonoras entre determinados ítems lexicais (péñese na distinción entre linguas *centum* e linguas *satem* que divide o complexo indoeuropeo en dous grupos, occidental e oriental respectivamente, sobre a base da pronuncia do ítem ‘cen’), repetían —dun xeito máis científico, iso si— a metodoloxía aplicada xa a comezos do século XIV por Dante (coa súa clasificación das linguas *iò, sì, oc* e *oil*, segundo as correspondencias da partícula afirmativa) ou a principios do XVII por J. J. Escalígero (coa súa proposta de linguas *Deus, Theós, Godt* e *Boge* sobre a base das correspondencias sonoras na denominación da divindade).

- b) Porén, as mudanzas na morfosintaxe presentan probablemente unha difusión máis libre da filoxenia, e por iso contribúen ao deseño dunha tipoloxía lingüística escasamente coherente cos agrupamentos ‘de familia’.

Péñese no cambio de tipo lingüístico SOV > SVO que se verifica no paso do latín ao galego, ou do xermánico ao inglés, que sitúa a nais e fillas en tipos distintos, ao tempo

que as asocia a linguas filoxeneticamente moi distantes (o latín ao xaponés e o galego ao chinés, e.g.). Outro exemplo moi claro ofrécenolo, no ámbito das linguas romances, o funcionamento do sistema de marcado selectivo do OD con preposición (vid. secc. 4 infra): o español ten neste punto un comportamento moi similar ao do romanés (co marcado máis extensivo da Romania) e fortemente oposto ao do portugués (cun marcado moi restritivo), o que para nada se corresponde cos agrupamentos xenéticos —e.g. familia iberorrománica; románico oriental vs. occidental. Estes agrupamentos fanse sobre a base de diferenzas fónicas —e.g. o tratamento do *-s* e das oclusivas xordas *-p-*, *-t-*, *-k-* no paso do latín aos romances, que separa os sectores oriental e occidental pola coñecida liña La Spezia-Rimini.

En definitiva, os cambios na maneira de pronunciar os sons na cadea fónica parecen responder a unha dinámica distinta á dos cambios da gramática que esas cadeas soportan².

2. DINÁMICA DO CAMBIO LINGÜÍSTICO: ENTRE A VERSATILIDADE DA PRAGMÁTICA E O RIGOR DA GRAMÁTICA

Comezarei por debullar unha serie de postulados acerca da natureza, funcionamento e evolución das linguas que, aínda que espallados, se atopan lonxe de suscitar un acordo unánime. Sitúanse, porén, no alicerce da miña exposición e, daquela, asumireinos sen necesidade dunha demostración explícita previa.

As linguas son sistemas *dinámicos* e *adaptativos*, en constante proceso de mudanza guiada polo uso e orientada á optimización da súa función comunicativa. En consecuencia, están integradas por complexos códigos, dotados de *distintas densidades de estruturación*, segundo as zonas. Cara ao núcleo do sistema atopamos as áreas máis altamente codificadas, as máis automatizadas e menos proclives á variabilidade, aínda que tamén elas están en constante mudanza. Cara ás marxes as estruturas presentan un menor grao de codificación, unha maior motivación icónica e un meirande dinamismo variacional. Por suposto, a transición dunhas zonas a outras é gradual e non-estática³.

Cando frecuentemente se afirma que a lingua é unha institución social quere dicirse que o sistema lingüístico é o produto dunha *institucionalización* levada a cabo, mediante procesos autoorganizados de negociación e converxencia, polos membros dunha comunidade de individuos que precisan formalizar a súa interacción comunicativa para mellor regular así a súa convivencia. O que se institucionaliza mediante tales procesos son os usos comunicativos dos individuos, que denominamos usos lingüísticos. Así pois, os usos lingüísticos preexisten á codificación gramatical, no plano social, do mesmo xeito que, no individual, a actuación preexiste á competencia. O produto desa institucionalización, i.e. o código, a gramática, é por tanto un epifenómeno da lingua (Hopper 1987).

A lingua e a gramática son producións sociais, pero o acto de fala é claramente unha actuación individual —falan as persoas, non os colectivos— construída consonte unha competencia tamén individual⁴. A gramática é, pois, unha produción social espontánea emerxente de múltiples actuacións individuais realimentadas (que chamamos corpus lingüístico), non orientadas intencionalmente á construción da gramática senón á obtención de beneficios na

² Roger Lass (1997: 157) apunta esta idea e lémbraos que “problems of this kind are not unique to linguistic taxonomy; they occur in biology as well”, e refírese ao caso das indeterminacións taxonómicas na familia dos *Hominoidea* (gorilas, chimpancés, orangután, humanos), en que as evidencias morfolóxicas e as moleculares producen agrupamentos distintos entre si.

³ A integración dos ítems nas distintas zonas de densidade do sistema non depende da compoñente a que pertencen (fónica, morfolóxica, sintáctica...) senón da súa frecuencia relativa de uso, consonte o coñecido principio formulado por Du Bois: “Grammars code best what speakers do most” (1985: 363).

⁴ Sobre a dupla natureza, individual e colectiva, da linguaxe, e as complexas tensións dialécticas que encerra, véxase Bernárdez (2004, 2005).

interacción grupal. A gramática pertence ao que Rudi Keller (1994) denominou, evocando a Spielberg, “fenómenos da terceira clase”. Trátase de fenómenos que non son naturais, pero tampouco artefactos creados de maneira intencionada: son efectos colaterais non-intencionais de múltiples actuacións individuais guiadas por intencións distintas á do produto causado —como ocorre, por exemplo, coa inflación ou cun atasco de estrada. O cambio lingüístico, unha modificación da gramática ao cabo, tamén é en parte un fenómeno de terceira clase: engloba procesos xurdidos de actuacións individuais inconexas e innovadoras que exploran opcións marxinais do código (replicacións mutantes, en terminoloxía evolucionista) e que, ao xeneralizarse, acaban por xerar neste mudanzas cualitativas, non procuradas propositadamente, non predicibles pero tamén non aleatorias.

Do devandito derívase a convicción —non universalmente aceptada— de que as linguas non mudan de maneira cega ou azarosa, senón que *o cambio lingüístico é funcional e direccional*. Repárese, porén:

- a) ‘Funcional’ e ‘función’ son termos tan polisémicos que poden significalo case todo. Soster que o cambio é funcional non implica que o cambio teña unha función entendida como unha motivación, unha finalidade apriorística —que pode tela ou non. Implica si que o cambio é unha función do uso lingüístico (nun sentido próximo ao que o termo ten en matemáticas: as mudanzas do código son correlativas das mudanzas de uso) e non algo que ocorra de xeito autónomo (Keller 1997). Neste senso, dicir que o cambio lingüístico ten como función (=finalidade) acadar un óptimo desempeño da comunicación é algo que me parece certo no predicado pero inexacto no suxeito, en tanto que o aserto recolle unha propiedade das linguas, non do cambio lingüístico⁵.
- b) Por suposto, a direccionalidade do cambio non debe entenderse como un movemento rectilíneo e uniforme: contempladas cunha perspectiva cronolóxica reducida (ou de rango dos fenómenos considerados moi parcial), o carácter sinuoso das mudanzas empece a percepción dese camiño baixo a fasquia do caos ou o puro azar e conduce á crenza de que non existen ao longo do tempo sistemas (ou estadios) lingüísticos máis avanzados que outros e de que o cambio lingüístico non está orientado (Newmeyer 2002). Porén, contemplando os feitos cunha perspectiva ampla, é difícil subtraerse á idea de que a linguaxe humana evolúu paulatinamente desde primitivos sistemas gramaticais moi simples, cunha morfosintaxe rudimentaria dificilmente identificable como tal, ata sistemas gramaticais enormemente complexos como os das linguas actuais, con toda a súa aparataxe de marcas morfolóxicas, palabras funcionais e arvesados códigos para o seu manexo. Numerosos estudos sobre a evolución lingüística a longo termo teñen fornecido múltiples evidencias empíricas de que o estadio primixenio da linguaxe careceu de toda esa sofisticación que amosan as linguas actuais. Media entre ambos os puntos un longo camiño (vid. Heine e Kuteva 2007 para a súa reconstrución) que conduciu a códigos enormemente institucionalizados.

Consonte ditan o sentido común e o principio do uniformitarismo lingüístico, o proceso evolutivo segue hoxe o seu curso e responde en todo momento á mesma dinámica —de aí que se poida soste que aquilo de que “o presente é a chave do pasado”. Ora ben, iso non implica exactamente que o cambio lingüístico responda a unha dinámica constante de complexidade crecente *ad infinitum*. Como en todo mecanismo deseñado para un fin (comunicarse ou lavar

⁵ Croft (2006) sinala atinadamente que o cambio lingüístico é funcional na súa fase de innovación (emerxencia da variante) en tanto que encerra unha alteración da relación entre forma e contido da construción modificada (funcional como pertinente, como valor semántico alicerzado na expresión), mentres que é social na súa fase de propagación da variante. Isto é congruente coa visión funcionalista da linguaxe como produción social comunicativa, pero non implica que a propagación dos cambios sexa funcional, no senso de motivado ou intencional —que pode selo ou non.

roupa) o que se procura é conseguir a máxima eficiencia na consecución da tarefa da maneira óptima, i.e., coa mecánica máis simple. Por tanto a evolución filoxenética cara á complexidade non é unha dinámica sen fin, e menos aínda un fin en si mesmo. O que non ten fin é o proceso de cambio, guiado por unha necesidade de adaptación ás necesidades sempre cambiantes do contorno. Por iso as máquinas (de lavar ou de comunicarse) non acostuman utilizar mecánicas cada vez máis simples, ao teren que atender demandas adicionais de uso, máis sofisticadas —non abonda con que a máquina lave a roupa sen máis: ten que tratala con delicadeza, evitar que se engurre, deixala lista para o ferro, aforrar auga, etc.

A liña evolutiva da linguaxe humana pode ser en boa medida caracterizada, consonte as ideas xa clásicas de Givón (1979), como unha longa transición desde sistemas comunicativos baseados no que podemos denominar *modo pragmático*, ou 'natural', cara a outros organizados esencialmente segundo un *modo gramatical* ou sintáctico. No primeiro predominan o contido, as intencións comunicativas e a inestabilidade formal sobre unha codificación de construcións incipiente ou pouco asentada, polo que o éxito da comunicación é altamente dependente do contexto. O modo gramatical xorde do pragmático a través de procesos de elaboración do código que dan lugar a sistemas altamente formalizados, con construcións sintácticas estables, explícitas, máis convencionais, automatizadas e fortemente pautadas, por tanto de interpretación independente da situación comunicativa⁶.

Porén, a evolución lingüística non consiste nun paulatino abandono da 'primitiva' pragmática que dá paso a un modo sintáctico 'superior' e máis sofisticado. Os sistemas lingüísticos foron acadando co tempo *máis gramática, pero non menos pragmática*. Dáse, de certo, no proceso evolutivo da linguaxe, un peso crecente da (morfo)sintaxe, inicialmente inexistente, mediante procesos de *gramaticalización* de pautas pragmáticas. Pero ao mesmo tempo a pragmática reclama o seu papel fundamental na eficiencia comunicativa, xerando constantes procesos compensatorios de (re)codificación de valores pragmáticos —i.e., mecanismos de *pragmatización*.

Os modos pragmático e gramatical son dúas manifestacións polares do xeito de organizarse as linguas na súa dimensión comunicativa, concorrentes en todo o proceso filoxenético da linguaxe (agás do seu primordio, que presumiblemente carecía dunha gramática de seu). Ningún deles é superior ao outro. A multimilenaria supervivencia de ambos é proba de que o triunfo evolutivo do produto reside na complementariedade de ambas as ordes, que conxuntamente optimizan os recursos para acadar o éxito da comunicación. Un e outro tipo de recursos (pragmáticos e sintácticos) son máis ou menos adecuados segundo as circunstancias en que ten lugar o acto comunicativo, de xeito que aquilo que nunha situación supón unha vantaxe relativa se converte noutra nunha pexa, e viceversa. Así, a forte dependencia do contexto que amosa o modo pragmático constitúe unha desvantaxe en situacións comunicativas distantes, moi complexas ou moi formais, en que o contexto físico non está accesible ou é pouco operativo. Porén, na interacción próxima, en que ese contexto, pola súa inmediatez, asume moito protagonismo comunicativo, a pexa convértese en vantaxe: a pragmática outórgalle unha maior versatilidade ao sistema lingüístico, que se adapta ás circunstancias comunicativas como a auga se adapta á forma da xerra que a contén. A maior densidade estrutural do modo sintáctico faíno máis independente do contexto, pero asemade menos versátil para adaptarse a el, o que, na comunicación próxima, supón algunha eiva.

En definitiva, os sistemas lingüísticos evolúen movidos por unha *tensión dialéctica entre as bondades da formalización/institucionalización rigorosa do código gramatical*, que permite superar limitacións, ambigüidades e ambivalencias do acto comunicativo, e *as vantaxes*

⁶ De xeito simplificado, no modo pragmático prevalecen as estruturas tópico-comentario, así como a xustaposición aditiva de enunciados ou a súa coordinación con conectores laxos ou inespecíficos; a orde de palabras e a entoación teñen gran relevancia no marcado de relacións (pragmáticas) mentres que as marcas morfolóxicas teñen escaso relevo. No modo sintáctico dáse, por contra, unha prevalencia da estrutura suxeito-predicado, dos conectores trabados, con alta presenza de subordinación específica, unha ampla morfoloxía e abondosos marcadores funcionais e dependenciais, entre outros trazos.

da máis laxa codificación pragmática, máis versátil á hora de modular o texto para axeitalo ás características inestables do contexto. Se o resultado a longo termo son sistemas gramaticais progresivamente máis explícitos (e en principio tamén máis complexos), non é por causa dunha irrefreable pulsión regulamentista dos seus usuarios, senón da incorporación do mínimo de regras que en cada momento se estiman necesarias para o óptimo funcionamento comunicativo deses sistemas.

Concibido o cambio lingüístico como produto da tensión dialéctica que acabo de referir, compréndese tanto que o dinamismo liberado avance a través de numerosos ciclos sucesivos de gramaticalizacións sintactizantes e pragmatizacións restauradoras, como a tendencia da variabilidade de construcións a facerse crónica. Os constantes procesos de gramaticalización, co lixiviado ou desemantización que desencadean, supoñen con frecuencia a perda de ricos valores de contido pragmático-textual, o que favorece a emerxencia de novas pezas rexenadoras do subsistema (pragmático) lañado. O proceso *cíclico* avanzaría así *en espiral*, pois de cada volta nunca se volvería ao punto inicial, senón a unha situación parella nun estadio máis evoluído.

Por suposto, as devanditas constituirían as hipotéticas liñas mestras do cambio lingüístico nunha perspectiva a gran escala. Non se pode pretender explicar todas e cada unha das modificacións puntuais do sistema, nunha dimensión microtemporal, como mostra esa direccionalidade, do mesmo xeito que os avatares da meteoroloxía cotiá (en que se suceden anos secos e húmidos, invernos duros e suaves, en secuencias que, a pequena escala, semellan caóticas) non poden definir illadamente unha hipotética situación de cambio climático. Porén é o certo que, supoñendo correcta a hipótese do cambio (climático ou lingüístico), todas e cada unha das mudanzas verificadas, mesmo aquelas que circunstancialmente semellan moverse en sentido oposto, forman parte da mesma corrente global, e todas elas contribúen activamente ao seu fluxo.

Nas seguintes seccións baixarei ao 'ámbito micro' do galego actual, para presentar diferentes fenómenos de variación sintáctica en curso como manifestacións puntuais e parciais dunha dinámica global de cambio non-aleatorio. Porque parece claro que as pequenas mudanzas do cotián algo teñen que ver co cambio lingüístico, do mesmo xeito que a Historia emerxe día a día dunha morea de anécdotas azarosas que en realidade son menos anecdóticas e menos azarosas do que aparentan.

3. A VARIACIÓN NA CONCORDANCIA: COHESIÓN DISCURSIVA E MARCADO DE FUNCIÓNS

A concordancia é hoxe, como debeu ser sempre, un dos paraísos da variabilidade, escenario privilexiado das tensións cotiás entre o modo comunicativo pragmático e o sintáctico. Permítenos asemade percibir, no eixe diacrónico, a orientación do cambio lingüístico cara a unha meirande complexidade e prevalencia da gramática, matizada pola aludida tendencia da variabilidade a facerse crónica, a non asentar nunha reformulación estable do código sintáctico.

Comezarei lembrando unha evidencia que tende a pasar máis desapercibida do que debера: na concordancia dáse moita variabilidade, máis ou menos discrecional, pero só na concordancia externa —i.e., na concordancia verbal: *alúgase/alúganse pisos, houbo/houberon festas, un grupo de rapaces foi/foron de excursión*. Na concordancia interna ou nominal a variabilidade é practicamente nula: *un/*uns grupo numeroso/*numerosos de xente traballadora/*traballadoras*. Este comportamento radicalmente distinto de dúas modalidades do que en esencia é un mecanismo formal común (de copia de trazos) explícase por seren procedementos moi distintos desde o punto de vista funcional, i.e., atendendo á contribución que fan para a comunicación:

- a) A concordancia interna é un mecanismo xerado cunha estratexia relacional, de marcado de relacións gramaticais no ámbito da frase. Actúa como indicador formal do alcance da proxección do Núcleo da frase, marcando ata onde chegan os límites do goberno deste.
- b) A concordancia externa, por contra, responde a unha estratexia cohesiva, de ámbito textual: a súa función orixinaria e básica é a de recuperar entidades presentadas noutro lugar do texto ou na situación comunicativa (Lehmann 1988, Cidrás 1992). Actúa como indicador do máximo grao de accesibilidade dunha entidade no discurso, marcando ata onde esa entidade se pode recuperar da memoria a curto prazo mediante anáfora cero, i.e., sen necesidade de reactivala mediante nomes ou pronomes.

Acontece que, co tempo, esa función pragmático/textual se volve menos relevante e sobrepónse gradualmente a función (subsidiaria da anterior) de marcar determinadas relacións gramaticais no seo da oración. Convértese así unha estratexia referencial de ámbito textual nunha relacional de ámbito oracional, mediante un proceso de gramaticalización.

A orixinaria (e persistente) función pragmático-textual da concordancia funciona, dada a súa natureza, mediante un copiado no verbo de trazos semántico-conceptuais da entidade referida. Ocorre así dado que se trata de evocar a imaxe mental dunha entidade que permanece activa na memoria do discurso precedente, labor no cal os trazos formais son completamente irrelevantes. É nesta dimensión textual da concordancia onde se produce toda a súa vizosa variabilidade, produto das inestables maneiras de conceptualizar na mente do emisor as entidades evocadas. Por contra, a dimensión gramaticalizada da concordancia funciona mediante o copiado de trazos morfolóxicos, o que resulta lóxico dado que se trata de marcar relacións gramaticais no plano da expresión, e en definitiva de establecer formalmente o alcance da expansión do verbo cos seus argumentos na oración. É nesta dimensión gramaticalizada onde a variabilidade (de base pragmática) se converte nunha pexa potencial, e onde moitas concordancias se mudan en discordantes, en 'erros' de Gramática.

Rodrigues Lapa, nunha atinada indagación preteórica do modo pragmático que goberna a concordancia, refería hai xa moitos anos a crecente presión que sobre ela exerce o modo gramatical:

Qualquer dos exemplos de construção irregular [modernos] é verdadeiramente inofensivo, se o comparamos às audácias dos escritores bem vernáculos dos séculos XVI e XVII. (...) O que hoje se afigura aos olhos do gramático um erro ou uma impropriedade foi largamente empregado pelos nossos melhores escritores clássicos. (...) É que, de um modo geral, o sistema de concordância tem evoluído de forma que se têm refreado as liberdades da silepse em benefício da concordância literal. Tem sido o triunfo da lógica sobre a imaginação (Lapa 1945/1979: 218-9).

Porén, esa rica variabilidade segue viva na lingua. Máis ou menos encuberta baixo o veo do prescritivismo institucional, atopamos mostras de alternancias na concordancia verbal en practicamente toda a súa diversidade tipolóxica: construcións de *se* impersoal (1), existenciais con *haber* ou *facer* (2), mensurativas coa estrutura 'Q-N-de-N' (3), con nomes colectivos (4) ou coordinativas (5). Veláí exemplos de todas elas, con atestacións literarias das opcións normalmente tidas por 'anómalas' (en (3) recóllense as dúas alternativas, ao non estar clara a opción gramatical preferida):

- (1) Mareas de *lenguados e rodaballos* que *se vende* a bo prezo (Roman)⁷
 (2) *Impostos e arbitrios* sempre os *houberon* (Pintos)
 (3a) Un pequeno grupo de *embozados* *asaltara* a casa (Casares)

⁷ Todos os exemplos literarios aducidos están tirados, agás indicación contraria, do *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, dirixido por Antón Santamarina (<http://www.ti.usc.es/TILG/>). A el remito para as referencias detalladas dos exemplos, que de xeito abreviado identifico só polo autor.

- (3b) Un grupo de mozos puxéronse a berrar (Casares)
 (4) Mandou dar alto á súa xente para que non se *espallasen* ou *caesen* nalgunha emboscada (López Ferreiro)
 (5) O rosario que *rezaba a vella e mailo sobriño* medrou aquela noite (Castelao)

Podemos seguir citando a Lapa para lembrarmos que “a língua não acumula formas de dizer só por amor à variedade. Essas variantes traduzem outros tantos matizes do sentimento e da ideia” (1945/1979: 220). Detrás de cada unha delas está, en efecto, unha forma distinta de conceptualizar, de construír na mente a imaxe da entidade evocada. Así, no caso de Suxeitos múltiples coordinados, o verbo aparecerá en singular nomeadamente cando (a) os membros agrupados se conciben na mente do falante como un todo unitario (*A novidade e a orixinalidade desta obra é inmensa*, García Sabell), ou (b) cando un deses membros —xeralmente o máis próximo ao verbo— acapara a atención do falante, como semella acontecer no exemplo (5) de Castelao, en que a prominencia conceptual da vella fronte ao sobriño é análoga á que reflicte a construción *O rosario que rezaba a vella co sobriño*, onde o rapaz é degradado de argumento co-Axente a adxunto co papel semántico de Compañía⁸. Cos nomes colectivos e coa estrutura cuantificadora ‘Q-N-de-N’ a alternancia resulta da prevalencia da imaxe mental do colectivo ben como unha entidade unitaria (*A maior parte dos refuxiados era de orixe xermánica*, Risco), ben como unha pluralidade de individuos: *A maior parte dos vedoiros de que hoxe ouvimos falar son homes* (Risco).

Ora ben, como dicía, este modo de comunicar que chamamos pragmático, baseado na solidariedade de trazos semántico-conceptuais, dá moitos problemas cando opera o modo gramatical: a función da concordancia como marcadora de relacións sintácticas (de SU coa concordancia número-persoal, de OD e OI coa concordancia de clíticos⁹) fundaméntase na solidariedade formal de determinadas categorías gramaticais (número, persoa, xénero, caso) e o seu funcionamento debe estar estritamente pautado, pois as vacilacións poden facer cambalear a identificación das funcións sintácticas na oración. De aí a aludida tendencia á redución da variabilidade no sistema da concordancia, coa marxinação e proscrición das opcións ‘discordantes’. Porén, as restricións non afectan por igual a todo o sistema. Atinxen particularmente: a) ás modalidades lingüísticas que funcionan máis polo modo sintáctico (i.e., ás máis gramaticalizadas), e b) dentro de cada modalidade, ás áreas en que a gramaticalización resulta máis determinante (i.e., ao núcleo central do sistema).

En efecto, as concordancias gramaticalmente anómalas son moito máis frecuentes nos modelos de lingua orais, nas producións informais e non-estándar que nos textos escritos, formais e estándar. O motivo é obvio: estes últimos están sometidos a un proceso de (auto) corrección que leva a desbotar, ás veces de maneira inconsciente, estruturas que producimos libremente noutras modalidades menos institucionalizadas e, por tanto, codificadas dunha maneira máis laxa. Porén, é claro que tamén nos textos literarios e formais asoman, como viamos nos exemplos dados, as vacilacións. Estas tenden a manterse máis doadamente naquelas áreas en que a gramaticalización da concordancia resulta menos transcendente. Vexámolo:

⁸ Isto é: *A+B* induce a concordancia verbal en plural (cfr. estoutro exemplo do mesmo autor, contiguo ao anterior e cos mesmos protagonistas, concibidos agora con similar peso na posta en escena: *A vella e mailo sobriño atravesaban as rúas da vila*); mentres *A+b* (onde a minúscula reflicte unha menor prominencia conceptual) induce a concordancia en singular, quer coa forma *A e b* (producindo silepse), quer como *A con b* (gramaticalmente canónica).

Por suposto, a prevalencia da concordancia en singular, con silepse, está asociada coa posición (preferentemente preverbal) do Suxeito; pero non como un imperativo dela, senón polo que ela representa en termos de prominencia (peso na posta en escena) dos termos agrupados coordinativamente: a posición inicial resulta máis congruente co escenario cognitivo *A+B* mentres que a posposición o é en maior medida co *A+b*. De aí a estrañeza de *A vella e o sobriño rezaba* (análoga á de *A vella co sobriño rezaba* vs. *A vella rezaba co sobriño*). Pero repárese: cando a discordancia se debe a que os membros agrupados se conceptualizan como un todo unitario —opción (a) supra— non hai problemas con que esta se dea en posición preverbal (como acontece no exemplo dado: *A novidade e a orixinalidade da obra é inmensa*; *A física e a química resultoume o máis difícil...*).

⁹ A pesar de que no que precede exemplifiquéi sempre coa concordancia número-persoal, as vacilacións danse igualmente na de clíticos: *A lingua e a cultura catalás case non a/(as) coñezo*. *Axente que atopa pola rúa non a/(os) saída*. *Ese tipo de persoas non o/(os/as) entendo*.

- a) Nas construcións de *se* impersonal, a alternancia *alúgase/alúganse casas* resulta completamente inocua para a integridade da estrutura: trátase de construcións transitivas en que se omite o primeiro actante, de maneira que carece de relevo que o argumento restante sexa tratado como un SU ou como un OD, dada a perda do valor opositivo da parella de funcións, ao quedar só un dos candidatos ás mesmas. Verifícase certa preferencia normativa polas formas concordadas, pero as outras non atentan contra a integridade do sistema (nin introducen ningún tipo de ambigüidade de contido).
- b) Algo semellante ocorre coas construcións existenciais con *haber* ou *facere* (*houbo/houberon festas, fixo/fixeron uns días moi bos*): son tamén un tipo anómalo de estrutura transitiva en que falta o 'primeiro' actante, o que determina a irrelevancia da asignación de función SU/OD ao único argumento. Neste caso a preferencia normativa é a inversa: o modo gramatical privilexia (en galego) as formas non concordadas.
- c) Na estrutura cuantificadora 'Q-N-de-N' a alternancia (*un grupo de embozados asaltara/asaltarán a casa*) carece tamén de toda transcendencia sintáctica ao non comprometer a identificación do SU, dado que só afecta á escolla do constituínte da FN-SU que debe determinar a concordancia verbal, i.e., que actúa como Núcleo da frase, unha frase inequivocamente SU sexa cal sexa a opción tomada. De feito, a norma gramatical non amosa unha preferencia clara por ningunha delas, síntoma inequívoco da súa inocuidade.
- d) Por contra, as concordancias *ad sensum* coas construcións coordinativas e con nomes colectivos son notoria e progresivamente mal asimiladas nos usos máis formais, máis elaborados consonte o modo sintáctico. O motivo é que poden comprometer a identificación das funcións oracionais, sen que concorran as circunstancias 'neutralizantes' vistas nos casos anteriores. En consecuencia, o ditame prescriptivo é contundente. Tanto como os seus efectos: se no galego medieval aproximadamente na metade das oracións con SU coordinado se daba silepse¹⁰, na actualidade esa opción é moi marxinal, sobre todo na escrita.

Porén, mesmo nas modalidades máis institucionalizadas seguimos a atopar este tipo de concordancias, contrarias ao ditado da gramática mais non ao das necesidades da comunicación —sobre todo en certos contextos que as favorecen e que agora serían prolixos de explicitar¹¹. Esta relutancia a desapareceren e a tendencia á cronificación da variabilidade nas concordancias amosan como o avance do modo sintáctico nunca chega a sobrepoñerse completamente ao pragmático, dado que ambos optimizan de maneira complementaria a función comunicativa da linguaxe.

4. A VARIACIÓN NA MARCA DE CASO

Consonte o devandito, a rica variación na concordancia, tanto flexiva como de clíticos, está asociada ao seu duplo funcionamento nos modos pragmático e gramatical: como recurso cohesivo e como marcador de relación gramatical (SU, OD, OI) respectivamente. Nesta segunda dimensión, ademais de ser un mecanismo inespecífico (a súa función cohesiva, no plano

¹⁰ Datos de Alexandre Rodríguez Guerra (comunicación persoal).

¹¹ Determinadas construcións con silepse poden chegar a ser asumidas mesmo como opción non marcada no uso, por máis que gramaticalmente susciten reticencia (cfr. ex. 4, ou ocorrencias do tipo *A súa maxestade é moi xeneroso*, dito dun rei). Por tanto, cando digo que estas concordancias *ad sensum* son progresivamente mal asimiladas fago un xuízo xeral, estruturalmente motivado, que ten o seu reflexo na diminución cuantitativa do fenómeno. Iso non implica, porén, que as silepeses que persisten no uso o fagan dun xeito necesariamente máis marxinal que as outras concordancias anómalas. Tal vez haxa mesmo certa tendencia ao contrario, como efecto dun proceso moi restritivo, que selecciona como superviventes ítems excepcionalmente ben adaptados ao medio.

pragmático-textual, é a orixinaria) a concordancia ten un alto potencial de erro. A marca non vai colocada no termo de que se marca a función, senón no verbo; isto provoca incerteza na identificación do constituínte a que fai referencia (e.g., o sufixo número-persoal pode coincidir con varios constituíntes á vez, de xeito que non se saiba de certo con cal deles concorda o verbo, i.e., cal deles é o SU). Dado que o modo gramatical precisa dun alto grao de explicitación e eficiencia formal, no marcado de funcións atopamos a carón da concordancia un mecanismo máis inequívoco: a marca de caso. Na marca de caso elimínase o problema da referencialidade, pois a marca (ora flexiva, como en latín, ora adpositiva, como en galego) vai hospedada no propio termo ao que fai referencia. O procedemento resulta así, de seu, inequívoco.

Como é sabido, a marca de caso non alcanza nunca ao SU e está plenamente asentada e gramaticalizada no OI (que sempre leva prep. *a*). No OD, porén, dáse unha situación inestable e unha variación tanto sincrónica como diacrónica moi interesante de estudar.

4.1. Marcando o Obxecto: sistemas selectivos e non-selectivos

A perda da flexión casual latina provocou nos romances emerxentes un deficiente marcado diferencial das funcións SU e OD, que xeraba unha considerable incerteza na interpretación dos enunciados, con frecuencia soluble só acudindo ao contexto ou ás presuposicións. Esta situación atentaba gravemente contra os principios do modo gramatical no cerne mesmo do seu núcleo duro: a transitividade. Algunhas linguas (francés, italiano) recompuxeron o sistema de marcado gramaticalizando a orde de constituíntes —de natureza pragmático-textual, repárese. Porén, a maioría reconstruíron un novo sistema de marca de caso, que pasou a ser prepositivo e selectivo, fronte ao latino, que era flexivo e non-selectivo¹². Esta nova marca de caso xorde tamén da gramaticalización de mecanismos pragmáticos, por máis que esa gramaticalización estea moi asentada, o que escurece a percepción dos valores pragmáticos orixinais.

O novo sistema gramatical, que denominaremos Marcado Selectivo de Obxecto (MSO), demorou bastante tempo en callar. No galego medieval (e nos comezos dos restantes romances que emprenderon esta vía) non existía de seu. Só a finais do século XV se asenta o sistema en portugués, mentres o galego entra no período escuro sen o seu MSO plenamente gramaticalizado (Cidrás 2005); o castelán xa daquela camiñaba un pouquiño máis adiantado. O que si se documenta desde os primeiros textos romances é un uso esporádico da prep. *a* ante OD que os estudiosos interpretan unanimemente cun valor pragmático —falan de “nota de insidencia”, “forza afectiva”, “posta de relevo”, “significación enfática”, etc. Esta innovación no xeito de presentar algúns OD (unha ‘replicación modificada’ en termos de teoría da evolución) é o punto de partida dun proceso de cambio: a gramaticalización do MSO. O proceso avanza coa difusión dese marcado preposicional de (algúns) OD, a paulatina perda do seu valor enfático e a parella adecuación do seu uso ás necesidades gramaticais do marcado eficiente de OD, consonte as regras do sistema MSO (Cidrás 1998). En definitiva, co acusativo preposicional “un phénomène qui primitivement ne devait avoir souvent qu’une fonction stylistique, a fini par devenir un simple morphème grammatical ou syntaxique (Rohlf 1971: 331). Repárase así unha eiva do sistema gramatical a custo dunha perda no sistema pragmático, que é rapidamente recomposta.

En efecto, a prep. *a* non era a única usada con algún tipo de valor enfático perante OD naquel período. Por iso, a ferida causada no modo pragmático pola súa gramaticalización no sistema MSO debeu estiñar axiña ao abeiro do emprego desoutas preposicións. De feito moitas delas seguen sendo de grande uso na actualidade, sobre todo en rexistros non formais da

¹² Un sistema selectivo (Differential Object Marking, Bossong 1991) é aquel en que non se marca o OD (termo marcado da parella) sempre que aparece, senón ‘só cando fai falta’. Como de entrada o OD non leva marca, non se habilita unha preposición propia senón que se bota man, a título excepcional, da marca de función máis próxima: case sempre a de OI.

lingua: *en* (*Estivo apañando na herba*), *de* (*Comeu daquel pan tan rico*), *con* (*Tirou co vaso ao chan*), etc. Fronte aos seus correlatos sen preposición, estes usos (que se adoitan etiquetar como Obxectos Preposicionais —OP vs. OD) seguen a asociarse a contidos pragmáticos de énfase ou posta de relevo.

Porén, o espallamento do uso dalgunha(s) destas construcións leva camiño de pechar algunha nova rolda gramaticalizadora. Refírome nomeadamente a *en* + OD, cuxo moi frecuente uso se limita en galego de xeito cada vez máis restritivo a contextos sintácticos durativos e atélicos, de acción considerada no seu desenvolvemento. Semellan cada día máis insólitas ocorrencias desta construción con eventos puntuais e télicos, como *E cueso escolleu nela e casáronse* (*Contos Vianeses* 60). Non parece aínda que a atelicidade sexa un valor achegado pola preposición en si, senón unha propiedade das construcións sintácticas en que é empregada —e.g., perífrases verbais durativas. Mais tal vez está a piques de converterse o *en* nunha marca aspectual, pois ao especializarse o seu emprego neses contextos, acaban por atribuírselle á preposición esas propiedades gramaticais que inicialmente eran responsabilidade doutras pezas do contexto sintáctico. É posible que a aparición desoutras pezas acabe sendo puramente eventual e daquela terase consumado a transferencia dos seus valores gramaticais á preposición.

En definitiva, tanto neste caso (*en* + OD) como no do MSO con *a* ou na habilitación da orde de constituíntes con valor de marca, a folia de ruta é parella: gramaticalízase e institucionalízase un recurso inicialmente pragmático, versátil e discrecional, ao tempo que ese desprazamento favorece a habilitación ou promoción doutros mecanismos afíns ao desprazado. Dáse pois unha mudanza global no sistema lingüístico, que atinxe asemade aos seus modos sintáctico e pragmático.

4.2. Avance no uso de prep. *a* con OD: economía, prevención e interferencia

Outro aspecto evolutivo do MSO moi interesante e debatido é o avance no uso da prep. *a* con OD. O goberno do sistema é común a todas as linguas que o posúen: márcanse con preposición os OD que presentan os trazos semánticos prototípicos dos SU, para evitar que se confundan con estes. A presenza da prep. *a* asóciase así aos chanzos máis altos da xerarquía de animación:

[PronPers [+deíct]] > [N prop] > [+parent] > [+hum] > [+anim] > [+discr] > [+contin]

O que muda dunha lingua a outra, ou dun momento histórico a outro dentro dunha mesma lingua, é a zona de conmutación entre os segmentos marcados e os non marcados por preposición. Nesta variación dáse unha situación que semella paradoxal: visto que o sistema selectivo substitúe nos romances un non-selectivo (o do latín, en que se marcaban todos os chanzos) sería de esperar nestas linguas un uso da marca preposicional restritivo. Porén, a tendencia dominante (non carente de excepcións puntuais, certo) é a incrementar co paso do tempo os segmentos marcados, i.e., a usar de maneira cada vez máis extensiva a preposición. Podería chegar a reinstaurarse así un sistema non-selectivo, opción que fora inicialmente rexeitada por todas as linguas neolatinas. A partir dese futurible escenario, cabería pensar na repetición da mesma serie: desgaste da marca, substitución por outra selectiva, avance do mercado...

En realidade, este é o mesmo itinerario que transitou o latín no marco da evolución xeral do sistema indoeuropeo (vid. Villar 1983). Partindo dunha situación primitiva en que non se diferenciaban formalmente as posicións de SU e OD (o denominado sistema neutro, moi pouco representado nas linguas actuais polo alto potencial de fracaso comunicativo que encerra), o latín iniciaría un camiño de marcado selectivo do OD mediante o espallamento progresivo dunha marca de caso diferencial fronte ao SU: o acusativo¹³. Concordan os expertos,

¹³ Noutras linguas o proceso de diferenciación dos constituíntes básicos da transitividade resolveuse de maneira simétrica, marcando o SU dos verbos transitivos cun caso (o ergativo) inicialmente selectivo e progresivamente espallado.

case con certeza, en que a marca de acusativo apareceu nos pronomes persoais (en P1, cunha expansión $P1 > P2 > P3$), consonte predí o funcionamento do sistema MSO, e foi alargándose pouco a pouco sobre o resto do léxico, primeiro animado e logo inanimado. A expansión viña guiada pola vontade de evitar erros (cun *modus operandi* cada vez máis preventivo: ‘o erro é improbable, mais *por se acaso* marca’) e asemade pola forza da expansión analóxica (que se realimenta e fai máis forte canto máis avanza o marcado).

Esta dinámica non é circunstancial senón xeral e, en consecuencia “es de esperar que *cualquier sistema* de marca no generalizada experimente la tendencia a transformarse en sistema de marca generalizada y obligatoria” (Villar 1983: 122, curs. miñas). A evolución do galego insírese na mesma dinámica: o sistema MSO comeza a instaurarse tamén nos pronomes persoais e segue a rota $P1 > P2 > P3$ (procúrese en López Martínez (1993) os datos documentais), o mesmo que, nun plano máis global, o avance no uso da marca segue a rota da xerarquía de animación e determinación. Porén, tamén responde a unha tendencia xeral, non circunstancial, a preferencia dos falantes polo marcado diferencial fronte ao non-diferencial cando este entra en crise e debe recompoñerse —Bossong (1991) constata esa preferencia en numerosas familias lingüísticas non emparentadas. Desta dupla evidencia xorde un escenario que encerra algún enigma:

- a) Por que se dá esa preferencia translingüística polos sistemas selectivos na emerxencia do cambio lingüístico?
- b) Por que, se hai tal preferencia, os sistemas incrementan o marcado na fase de expansión do cambio, situándose así no camiño de se converteren en non-diferenciais?

A motivación económica non semella xustificación abonda da preferencia sinalada en (a) por culpa da evidencia incluída en (b): se o que se procura é apenas un aforro de marcas, non parece lóxico que a seguir se camiñe cara á xeneralización delas. Na miña opinión, algo debe ter que ver tamén o feito de que o sistema MSO sexa o produto da gramaticalización dun sistema pragmático precedente, en que a preposición marcaba o carácter eventualmente enfático do OD. A natureza selectiva do sistema sintáctico deviría pois do feito de ser produto da reciclaxe dun sistema pragmático previo que era, pola súa propia natureza, selectivo. Ao gramaticalizarse como marca (selectiva) de OD, o sistema despragmatízase, o que favorece a súa deriva cara a un marcado cada vez máis extensivo e preventivo (i.e., menos selectivo) dos OD.

A preferencia (a) sería así máis ben produto dunha constante externa ao sistema de marcado gramatical, ao imputarse a unha herdanza do sistema pragmático previo. Este escenario facilita a explicación da tendencia xeral (b) ao alargamento do uso da preposición no MSO, impulsado polas referidas forzas da prevención de erros e da analoxía. Ora ben, a dinámica así xerada non conduce a un sistema realmente menos económico: éo en canto á cantidade de marcas, pero non en canto á complexidade de xestión, de xeito que o que o falante aforra en uso de marcas (fonicamente moi leves, polo demais) contrapésase coa complexidade do sistema á hora de decidir se cómpre ou non usalas. O espallamento do marcado conduce, pois, a sistemas máis seguros contra o erro e máis económicos en tanto que máis simples na súa xestión; pero menos en tanto que usan extensivamente unhas marcas das cales, ben mirado, se podería prescindir sen risco de erro —iso si, despois de tomar o traballo de miralo ben, i.e., de verificar en cada caso que a ausencia da marca non induce ao erro.

O galego está actualmente mergullado nesa dinámica de avance no marcado preventivo do OD dunha maneira acelerada. Constatase un gran espallamento ao longo dos séculos XIX e (sobre todo) XX no uso de prep. *a* con OD [+hum], ata o punto de que hoxe por hoxe este uso (aínda que rexeitado polo estándar, vid. Cidras 2006) está de feito moi xeneralizado, tanto na lingua literaria como na daqueles falantes que se supoñen máis coidadosos co seu uso. E o proceso continúa acelerándose nas xeracións máis novas: nunha recente enquisa que fixen

entre alumnos meus, estudantes de terceiro ano de Filoloxía Galega (elaboración dun texto guiado, formalmente orientado a outro fin para evitar reaccións de alerta), a construción do tipo *Un xornalista entrevista a un extraterrestre* e *O extraterrestre desintegra ao xornalista* (o conto ía de maricianos!) resultou esmagadoramente maioritaria, fronte a un uso sen preposición case residual. Mais o modelo está xa (e non precisamente a título de excepción) nos nosos mellores escritores modernos e contemporáneos¹⁴:

- (6) ¡Era que unha man piadosa / coidaba ós *desamparados!* (R. Castro I, 472)
 Dos magos deixa as leituras, / lee ós *gallegos escritores / e poetas* (Curros, 137)
 Eu coñecín *ao fidalgo padronés* (Castelao, Sempre, 176)
 O ano pasado mataron a un *mozo* (M. Antonio, 184)
 Un día destes plántome a ver *ao señor bispo* (Blanco Amor, Xente, 50)
 Comezaba a nevar i a neve a cobrer *ao cabaleiro* (Cunqueiro, Merlín, 60)

Non entrarei agora no apaixonante tema das estreitas relacións entre o contacto de linguas e o cambio lingüístico, na extrema dificultade para deslindar o cambio interno do externo (i.e., o inducido nunha lingua polo influxo doutra), no feito de que o contacto dunha lingua dificilmente provoca noutra mudanzas contrarias á súa dinámica natural, senón que acelera ou retarda movementos propios, etc. Unha cousa é ponderar a dificultade de discernir o cambio que é inherente ao galego do que é inducido polo castelán, e outra minimizar a existencia deste último e a magnitude dos seus efectos¹⁵. O cambio e o contacto son fenómenos intrínsecos á natureza das linguas, agás que estean mortas. Mais cómpre non esquecer que hai formas de contacto entre linguas que conducen á morte dalgunha delas. E que é ao cabo a morte dunha lingua senón a forma derradeira e máis radical de cambio lingüístico?

4.3. Do avance no mercado preposicional de OD á expansión do OI

Un aspecto do cambio das linguas que, na miña opinión, pasa máis desapercibido do que debora é a expansión do OI. Tanto en galego como noutras linguas, o OI é unha función que vai gañando paulatinamente novos usos (i.e., novos tipos) e novos efectivos (i.e., maior emprego), de xeito que se está a converter nun colector funcional de contido heteroxéneo en que os membros prototípicos (o OI-Receptor) son unha parte cada vez máis pequena do todo. Pénlese, por exemplo, en estruturas innovadoras atípicas como a construción OI-V-SU (*A Marta gústalle o queixo*) cun OI que ocupa a posición funcional do SU, ou en construcións de avance de non-argumentos a argumentos (*Colocou uns estores nas ventás* > *Colocoulles uns estores ás ventás*), ou de elevación de constituíntes secundarios a primarios (*Comeu o bocadillo da nena* > *Comeulle o bocadillo á nena*)... Son diversos os factores implicados nesta complexa expansión de usos, mais un deles é precisamente o avance no mercado de *a* con OD.

Trátase de dous procesos distintos, pero vencellados. Tamén no caso do latín se dá unha circunstancia análoga: a difusión da marca de acusativo *-m* vai asociada de xeito connatural ao cambio do sistema dos xéneros, coa decadencia do xénero inanimado (o neutro, que acabará por desaparecer nos romances) e a conversión do animado (masculino e feminino) nunha categoría formal que engloba indistintamente entes animados e inanimados. Ocorre así porque o acusativo é unha forma que xorde asociada ás entidades animadas: consonte

¹⁴ Exemplos tirados de López Martínez (1993); remito alí para as referencias e verificar a extensión do fenómeno. Nos textos editados máis recentemente a taxa de ocorrencias podería ser algo menor por causa, maiormente, do labor dos correctores editoriais.

¹⁵ Unha dificultade adicional á hora de avaliar o alcance do castelanismo no uso de *a* con OD é a situación do portugués actual como lingua MDO. O portugués non é un indicador óptimo do tipo de marcado que debería exhibir o galego se non fose polo influxo do castelán, pois experimentou a finais do s. XVIII un notable recuamento no uso da preposición (ata entón con toda probabilidade non menor que o do galego) inducido desde as elites ilustradas e abeirado polo poder (Delille 1970, cfr. Cidrás 2005). En todo caso, isto demostra que as dinámicas neste eido son reversibles e tamén poden revertirse no galego.

prevé o MSO, principia nos pronomes persoais e co tempo propágase ao léxico de xénero animado (-m: -um masc./-am fem.); finalmente a expansión ao léxico inanimado *non se produce mediante a diferenciación nestes nomes dunha marca de acusativo propia, senón que se emprega a marca de caso dos nomes animados*, o que provoca a transferencia de xénero de boa parte do léxico inanimado cara aos xéneros masculino ou feminino, convertidos en clases formais semanticamente cada vez máis inmotivadas (péñese, sen ir máis lonxe, no escolar *rosa,-ae*, inanimado e feminino).

Coa marca preposicional do OD ocorre en galego algo similar. Lémbrese que *a preposición habilitada ao efecto non é unha propia, senón que se bota man da marcadora de OI*. A escolla, comprensible ao abeiro do carácter tan excepcional que o marcado preposicional tiña nos comezos do sistema MSO, produce co tempo diversos efectos colaterais. Entre eles non é o menor o de propiciar a reanálise como OI de non poucos OD [+hum] marcados con *a*, ao posuíren as características dos OI prototípicos.

É o caso de verbos que se constrúen cun atípico SU [-anim], non axentivo e con tendencia á posición posverbal, que combina cun OD [+hum] frecuentemente preverbal: *A túa contestación estrañou a aquela muller ~ ?A aquela muller estrañouna a túa contestación → A aquela muller estrañoulle a túa contestación*. Repárese: a) cando o Obxecto ten forma léxica, necesita levar sempre preposición, mesmo correspondendo a chanzos da xerarquía de animación nos cales en galego non se debería marcar o Obxecto (e.g., *muller*); b) o Obxecto en posición inicial interprétase de xeito case exclusivo como OI, como demostra o clítico de dativo, e c) mesmo cando o Obxecto clitiza como acusativo, a construción non admite (ou admite de maneira moi forzada) conversión pasiva:

- (7) A contestación estrañouna → *Foi estrañada pola contestación.
O traballo cánsao → *É cansado polo traballo.
A súa actitude impresionounos → *Fomos impresionados pola súa actitude.

Ás veces o OI deixa de competir co OD e acaban estabilizándose ambas as construcións grazas á súa especialización semántica: *A nena imita moito ao pai_{OD} [imítao, 'fai coma el'] vs. A nena imítalle moito ao pai_{OI} [‘parécese a el’]*.

Nalgúns casos a vitalidade do uso destes OI emerxentes amosa diferenzas dialectais, “con distribución distinta para cada verbo: *aténdelle ao leite, chámalle por teléfono*, etc., nalgunhas zonas, fronte ao común *aténdeo, chámalo*” (Álvarez / Xove 2002: 555).

Tamén teño a impresión (intuitiva, como observador) de que o fenómeno presenta certa distribución etaria no proceso de adquisición da linguaxe. Cando menos algúns nenos tenden a usar, en faixas de idade relativamente temperás, formas innovadoras de OI a partir de OD que habitualmente se constrúen con *a* consonte as regras do MSO. Refírome a construcións do tipo das seguintes:

- (8) Bea está no parque coa rapaza que *lle* coida [Clara, 6 anos] (recol. propia)
Despois ao can perseguían*lle* as abellas [Cristina, 9 anos] (García Soto 1996)

Co paso do tempo, ao asentaren a súa competencia gramatical como falantes, parece que os rapaces abandonan estes usos, reconducíndoos ao seu tratamento canónico como OD: *que a coida, perseguíanlo*. Aínda que non coñezo estudos específicos sobre o tema, existen algunhas evidencias empíricas que apuntan neste sentido¹⁶. Manteñen, iso si, os casos consolidados no corpus social ambiente, como os antes referidos (*estráñalle, imítalle*, dial. *aténdelle*, dial. *chámalle*).

¹⁶ No corpus de 70 textos de nenos e nenas de entre 4 e 11 anos que emprega García Soto (1996) no seu estudo da evolución da linguaxe en nenos galegofalantes, recóllense 7 exemplos claros de construcións como as de (8). No corpus de control de adultos non rexistrei ningún, a pesar de tratarse de individuos novos —entre 23 e 40 anos. Aínda que o tamaño de ambos os corpóra son de certo distintos (ratio aprox. 70/30), a correlación (7/0) semella significativa. Cómpre aclarar que García Soto marca como usos ‘indebidos’ de clítico de dativo ítems do tipo *lambeulle na cara* que non son de seu tales, pois encerran unha construción de dobre Obxecto; un deles (o OP con en) enche a posición de OD e despraza o outro a OI (cfr. *lambeuno → lambeulle a cara*). Desta construción (que non computo) hai un exemplo nos textos adultos e dous nos infantís —a ratio é, repárese, correlativa ao tamaño dos respectivos corpóra.

5. A VARIACIÓN NA TEMPORALIDADE/MODALIDADE: OLLADAS NO FUTURO

Referireime por último brevemente á variabilidade e ao cambio na expresión do futuro. Situámonos así nos lindeiros entre a temporalidade e a modalidade, no vector temporal máis dinámico e nutrido (e.g., case todas as perífrases temporais son de futuro) e nunha atalaia especialmente interesante, e bastante estudada, para contemplarmos os procesos históricos de ciclos sucesivos de gramaticalizacións.

Este estado de cousas ten que ver co feito de non ser o futuro un vector temporal aséptico, de mera localización dos eventos con relación ao momento do discurso. O futuro é o ámbito da predición, da potencialidade, non da constatación obxectiva do que é ou foi. Porén, como vector temporal reclama o seu espazo no sistema gramatical da temporalidade. Dada a súa natureza, a gramaticalización do futuro faise moitas veces a partir de primitivas formas modais —de obrigación, desexo, etc. Co desgaste do uso vanse apagando devagar esas notas orixinais, que acaban sendo redemandadas; ábreanse así novos procesos de substitución dunhas formas por outras.

Limitándonos á liña xenealóxica do galego, cómpre lembrar que a forma básica de futuro latina en *-b* (*cantabo*) procede da gramaticalización como sufixo dun verbo 'ser/estar' seguramente a través dun valor modal de predestinación —cfr. o noso <estar de + infinitivo>. Algunhas outras formas de futuro latinas (as sigmáticas), como todas as do grego, posúen unha orixe modal desiderativa. En calquera caso, ao abeiro do apagamento deses valores modais, a forma sintética (e xa opaca) de futuro pasou no Baixo Latín a concorrer coa forma perífrástica <infinitivo + *habere*>, de transparente carácter modal, que acabou por substituíla nos romances¹⁷. Reiníciase así un novo proceso gramaticalizador. A forma sintética resultante daquela primitiva perífrase modal (*cantare habeo* > *cantareñ*), devén tamén opaca e sofre a competencia progresiva de formas perífrásticas emerxentes, que volven patentizar o carácter pragmáticamente incerto do futuro. En galego (e nas linguas veciñas) as formas alternativas son <*haber* (de) + infinitivo>, que reabre o proceso en termos idénticos aos seus precursores, e unha innovadora perífrase <*ir* + infinitivo> —ademais do uso do presente con valor de futuro (*vou mañá*), en xeral minoritario, aínda que cunha crecente presenza.

A evolución dos usos romances duns e outros procedementos concurrentes varía sensiblemente no tempo, no espazo e nas condicións de uso, e a súa descrición detallada cae fóra dos límites da presente achega. Destaca, porén, unha notable perda de frecuencia de uso da forma sintética, máis mitigada na lingua literaria que na oralidade (se na primeira dificilmente alcanza o 50%, na segunda semella francamente minoritaria na actualidade, cfr. Rojo 1974). Semellante situación se dá en español, se ben cuns niveis de uso da forma sintética algo máis altos (segundo reporta Sáez Godoy 1968), e asemade no portugués, en que, polo contrario, é hoxe xa raro o emprego do futuro simple con valor temporal fronte ao seu uso predominante con valor modal —de probabilidade (Oliveira 1985).

Na outra cara da mesma moeda, ao longo da historia do español e o portugués verifícase un proceso simétrico común (que, como veremos, cómpre matizar para o galego) na sorte das perífrases alternativas: <*haber-de* + infinitivo>, moi usada como forma de futuro no período medieval e clásico, cae dramaticamente nestas linguas ata a case-marxinalidade actual, en que se (re)impón o seu uso modal obrigativo. Por contra, <*ir* + infinitivo>, extremadamente rara ao principio, incrementa o seu uso con valor de futuro de xeito espectacular, sobre todo no século XX. Estes datos parecen suxerir un cambio de modelo na construción das formas de futuro, cun abandono da base modal de obrigación/predestinación, en decadencia fronte a unha imaxe metafórica do futuro como un camiño que se emprende cara a un destino máis

¹⁷ O que visto desde hoxe non resulta tan claro é o tipo de valor modal que expresaba esta perífrase: se de obrigación, como aparenta, se de predestinación, cun sentido máis próximo a 'estar de' que a 'ter que', como sosteñen algúns (Benveniste 1968, Bybee et al. 1994). No segundo caso estaríase a reconstruír, repárese, o valor modal orixinario da forma clásica en *-b*.

ou menos incerto. De seren así as cousas, a decadencia das formas sintéticas e con *haber* na expresión da futuridade non estaría ligada ao seu lixiviado semántico, senón inversamente a un reforzamento dos seus valores modais sobre os temporais. Isto é:

<i>Cantarei:</i>	modal obrig/predest. > temporal posterioridade > modal probabilidade
<i>Hei-de cantar:</i>	modal obrigativo > temporal posterioridade > modal obrigativo

Neste senso, a construción da posterioridade con *ir a* —parella á da anterioridade con *vir de* (menos gramaticalizada en galego, cfr. o francés) e á da simultaneidade con *estar a*— faise sobre unha metáfora de base espacial: o tempo como un camiño que se percorre. Trátase dunha construción da temporalidade máis neutra, en tanto que evita a interferencia do sistema modal (na gramática concorren ambos sistemas, de aí as interferencias) ao tempo que salvagarda o valor de incerteza inherente ao futuro (e ao camiño) sen que esa incerteza se sobrepoña sobre o valor puramente temporal.

En galego a situación é algo máis matizada. A pesar do gran incremento de uso de <*ir + infinitivo*>, dáse un notable mantemento da construción <*haber (de) + infinitivo*>, que está moi lonxe da marxinalidade acadada nas linguas veciñas como forma de futuro. Temos así unha situación de equilibrio entre todos os mecanismos de expresión formal da futuridade (a forma analítica, as dúas formas perifrásticas e o presente con valor de futuro) non exenta dalgunhas tensións, mesmo inducidas por ditames prescritivos diverxentes de distintos normalizadores¹⁸. Máis que optar por algunha, a dispoñibilidade de alternativas semella en galego cronificarse, cunha ampla paleta de cores a disposición do falante á hora de retratar (i.e., relatar) o futuro.

En calquera caso, a variación lingüística vén ser sempre o produto dun equilibrio dinámico e inestable entre a necesidade de codificar/institucionalizar un mecanismo de gran importancia para a gramática (a deixé temporal) e a de salientar o carácter incerto, predictivo, do que aínda non ocorreu, mais xulgamos que pode ocorrer ~ ten que ocorrer ~ desexamos que ocorra, etc. O modo pragmático demanda recursos versátiles, de interpretación discrecional, altamente dependentes do contexto, mentres o gramatical demanda unha codificación explícita e formalizada do vector de posterioridade.

6. REMATE

É difícil e arriscado propor unha caracterización direccional única para todo o complexo proceso de cambio das linguas. Porén, as achegas clásicas ao tema tenden a ser inseribles nun modelo con dous polos: a) o cambio responde a unha evolución basicamente lineal —ás veces avaliada como progreso, ás veces como decadencia— ou b) a evolución é esencialmente cíclica —por suposto, tanto nun caso como noutro, visto cun determinado grao de abstracción e xeneralización. En realidade, estes dous escenarios correspóndense aos dous tipos máis comúns de atractores que gobernan os sistemas dinámicos: os de punto fixo (en que o sistema evoluciona cara a un punto de equilibrio) e os de ciclo-límite (en que a evolución deseña unha órbita periódica).

Roger Lass, que aplica á lingüística estes principios da dinámica, presenta o fenómeno da gramaticalización como exemplo prototípico de atractor de punto: cada chanzo do itinerario sitúa o ítem cambiante máis preto do punto de atracción, que actúa como un ‘sumidoiro’ que conduce o cambio linealmente cara a si (Lass 1997: 295ss). O modelo explicativo semella válido e útil; mais cómpre reparar nun par de cuestións:

¹⁸ Así Novo (1991) denunciaba a “utilización inmoderada da opción verbal do futuro sintético” nos medios de comunicación, mentres Álvarez Blanco (1994) se refería a ese tipo de xuízos prescritivos como unha “cruzada en contra do futuro galego, que está levando a un uso abusivo e erróneo da perífrase /haber + infinitivo/ nos medios”.

- 1) Debe a gramaticalización ser vista como un exemplo dos mecanismos a través dos cales mudan as linguas ou como o modelo marco para explicar o cambio lingüístico? Aínda que o termo abrangue ámbitos diversos segundo quen o use, na miña opinión, cando menos no cambio morfosintáctico, a gramaticalización semella máis o segundo que o primeiro: é o proceso constante de construción sempre en curso da gramática. A pregunta viría daquela a ser, no ronsel de Hopper e Traugott (1993: 31), a seguinte: "What phenomena in language are not examples of grammaticalization?"¹⁹. Considerarmos a gramaticalización como o modelo marco do cambio gramatical conduce á seguinte cuestión:
- 2) É realmente a gramaticalización un atractor de punto fixo (lineal) ou encerra algún tipo de dinámica cíclica? (Repárese que o que se pon en xogo, en definitiva, é se esta segunda dinámica é ou non irrelevante no cambio gramatical). Como se ten posto de manifesto de xeito reiterado, os itinerarios de gramaticalización presentan case sempre un número moi limitado de chanzos no seu proceso evolutivo. Así pois, nada ten de particular que, percorrida toda a escala, se chegue a unha situación distinta pero dalgún xeito análoga á do punto de partida, desencadeante do proceso. Os exemplos examinados nas seccións precedentes son boa mostra disto: a gramaticalización do futuro ou da marca de Obxecto, e.g., conducen finalmente a produtos moi similares ás formas iniciais das cales se fuxira.

Desde un punto de vista funcional, os procesos de gramaticalización (e en definitiva as gramáticas no seu conxunto) xorden como benéficos mecanismos de codificación formal de contidos semántico/pragmáticos a través de procesos de automatización; mais estes procesos provocan o esvaemento daqueles contidos ata facelos irrecoñecibles. Desde un punto de vista formal verifícase como, a partir do inicio mesmo da emerxencia das marcas que integran o código gramatical, a erosión fónica e a coalescencia comezan a operar nun sentido tal que conducen dun xeito máis ou menos rápido á destrución (da perceptibilidade) desas marcas. Esta situación propicia o recomezo do proceso.

Así pois, a gramaticalización pasa a ser, vista cunha perspectiva temporal suficientemente ampla, unha sorte de atractor cíclico. A lingua evolucionaría, a certo nivel, en órbitas periódicas en espiral. A imaxe do cambio en espiral (abofé que moi antiga, remite cando menos ao neogramático von der Gabelentz) semella máis apropiada que a da simple circularidade, pois de cada volta o punto de partida é parello ao anterior, pero situado noutro nivel, i.e., cunha gramática modificada (e potencialmente máis evoluída) e un sistema pragmático reconstituído. Cada período condúcese cunha traxectoria semellante pero en distinta cota.

Esta dinámica cíclica ten levado a algúns autores mesmo a presentar o cambio lingüístico como algo moitas veces superfluo, próximo á ganancia cero: "There is much change just for the sake of change", sostén Lehmann (1985: 316). Ora ben, quitado o anecdótico (que por outra banda pode serlo menos do que aparenta), a constante recomposición do sistema sintáctico das linguas semella responder, máis que a unha oca inclinación ao cambio polo cambio, a unha dinámica de equilibrio inestable entre dúas forzas que teñen carácter de constante: a necesidade de codificación explícita e rigorosa propia do modo gramatical e as vantaxes da versatilidade inherente ao modo pragmático. As linguas actúan sempre e asemade nestes dous modos. Pero son *dous* modos de traballo para un único sistema. Daquela, as formas lingüísticas dese sistema mudan nunha constante tensión entre eses dous polos de atracción. Xérase así unha dinámica cíclica que parece explicar cando menos boa parte do cambio lingüístico en (morfo)sintaxe.

¹⁹ A concepción radicalmente emerxentista da gramática que sostén Paul Hopper leva non xa a identificar a gramaticalización co cambio gramatical, senón a identificala coa gramática: "Because grammar is always emergent but never present, it could be said that it never exists as such, but is always coming into being. There is, in other words, no 'grammar' but only 'grammaticalization' —movements towards structure which are often characterizable in typical ways" (Hopper, 1987: 148).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Blanco, Rosario (1994): "Gramática descritiva e gramática prescritiva", *Cadernos de lingua* 10, 19-35.
- Álvarez Blanco, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Benveniste, Émile (1968): "Mutations of linguistic categories", en W. P. Lehmann / Y. Malkiel (eds.), *Directions for historical linguistics: a symposium*. Austin: University of Texas Press, 83-94.
- Bernárdez, Enrique (2004): "Si el lenguaje es comunitario, ¿la cognición es comunitaria? (¿o son los dos individuales?)", en M. T. Tusell / R. Estopá / J. Martí (eds.), *Ciències del llenguatge i lingüística aplicada*. Barcelona: IULA-UPF, 63-94.
- Bernárdez, Enrique (2005): "La cognición y el lenguaje: lo individual y lo social", en Pedro A. Fuertes Olivera (coord.) *Lengua y sociedad. Investigaciones recientes en lingüística aplicada*, Valladolid: Universidad de Valladolid, 39-60.
- Bossong, Georg (1991): "Differential Object Marking in Romance and beyond", en D. Wanner / D. A. Kibbee (eds.), *New analyses in Romance linguistics*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 143-170.
- Bybee, Joan / Revere Perkins / William Pagliuca (1994): *The evolution of grammar. Tense, aspect and modality in the languages of the world*. Chicago / London: The University of Chicago Press.
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio (1992): "Sobre a función da concordancia. Consideracións a propósito das concordancias verbais anómalas", *Verba* 19, 41-53.
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio (1994): "Modelos de lingua e variación sintáctica", *Cadernos de lingua* 10, 103-118.
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio (1998): "Marcaxe preposicional de obxecto en galego. Emerxencia e vicisitudes dun proceso de gramaticalización sintáctica", en Dieter Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, 569-580.
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio (2004): "A sintaxe na gramática: problemas de descripción e problemas de prescripción", en Rosario Álvarez / Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 335-357.
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio (2005): "Realidade lingüística e representación gramatical: a propósito do tratamento do 'acusativo preposicional' na historia da gramática galega", en *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade, 307-322.
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio (2006): "Sobre o uso da preposición a con OD en galego", *Verba* 33, 147-174.
- Croft, William (2006): "The relevance of an evolutionary model to historical linguistics", en O. Nørgaard Thomsen (ed.), *Competing models of linguistic change. Evolution and beyond*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, 91-132.
- Delille, Karl Heinz (1970): *Die geschichtliche Entwicklung des präpositionalen Akkusativs im Portugiesischen*. Bonn: Romanisches Seminar der Universität.
- Du Bois, John W. (1985): "Competing motivations", en John Haiman (ed.), *Iconicity in syntax*. Amsterdam: John Benjamins, 343-365.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- García Soto, Xosé Ramón (1996): *Era una vez un neno... Estudio da evolución da linguaxe en nenos galego-falantes*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Givón, Talmy (1979): *On understanding grammar*. New York: Academic Press.
- Heine, Bernd / Tania Kuteva (2007): *The genesis of grammar. A reconstruction*. Oxford: University Press.
- Hopper, Paul J. (1987): "Emergent grammar", *Berkley Linguistic Society* 13, 139-157.
- Hopper, Paul J. / Elizabeth C. Traugott (eds.) (1993): *Grammaticalization*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Keller, Rudi (1994): *Language change. The invisible hand in language*. London: Routledge.
- Keller, Rudi (1997) "In what sense can explanations of language change be functions?", en Jadranka Gvozdanović (ed.), *Language change and functional explanations*, Berlin/New York: Mouton de Gruyter, 9-20.
- Labov, William (1966): *The social stratification of English in New York City*. Washington: Center for Applied Linguistics.

- Lapa, Manuel Rodrigues (1945/1979): *Estilística da lingua portuguesa*. Lisboa: Seara Nova, 1945; Coimbra: Coimbra Editora, 1979¹⁰.
- Lass, Roger (1997): *Historical linguistics and language change*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Lehmann, Christian (1985): "Grammaticalization: synchronic variation and diachronic change". *Lingua e Stile*, 20, 303-318.
- Lehmann, Christian (1988): "On the function of agreement", en Michael Barlow / Charles A. Ferguson (eds.), *Agreement in natural language. Approaches, theories, descriptions*. Stanford: CSLI, 55-65.
- López Martínez, María Sol (1993): *O complemento directo con preposición A en galego*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Newmeyer, Frederick J. (2002): "Uniformitarian assumptions and language evolution research", en Alison Wray (ed.), *The transition to language*. Oxford: Oxford University Press, pp. 359-375.
- Novo, Ramón (1991): "O uso de tempo futuro nos servizos informativos dos medios de comunicación galega", *Cadernos de lingua* 3, 85-89.
- Oliveira, Fátima (1985): "O Futuro em português: alguns aspectos temporais e/ou modais", en *Actas do 1º Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: APL, 353-373.
- Peres, João Andrade / Telmo Mória (1995): *Áreas críticas da língua portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Rojo, Guillermo (1974): *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Rohlf, Gerhard (1971): "Autour de l'accusatif prépositionnel dans les langues romanes", *Revue de Linguistique Romane* 35, 312-333.
- Sáez Godoy, Leopoldo (1968): "Algunas observaciones sobre la expresión del futuro en español", *Actas del XI Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*, IV. Madrid: Csic [tamén "La expresión verbal de lo futuro (del siglo XVII al siglo XX)", *Archiv für das Studium der Neueren Sprachen und Literaturen* 119/205 (1968), 334-341].
- Villar, Francisco (1983): *Ergatividade, acusatividade y género en la familia lingüística indoeuropea*. Salamanca: Universidad.